

APRENDE COAS MULLERES GALEGAS

actividades



LUZ POZO GARZA

(Ribadeo 1922 - A Coruña 2020)

Foi unha escritora, docente,
poeta e crítica literaria.

Unha muller cunha formación
moi completa: aprendeu
a ler aos tres anos, tocaba o piano,
o violín e o laúde,

pintaba cadros, xogou ao baloncesto, e tiña o título de patroa
de embarcacións. Estudou Maxisterio e Filoloxía Románica.

Ten unha grande obra literaria, destacando
os poemarios *Paxaro na boca* ou *Códice Calixtino*.

Dirixiu as revistas literarias *Nordés* e *Orión*, foi membro da Real
Academia Galega e no ano 2005 foi galardoada coa medalla Castelao.

Ten obras súas traducidas ao castelán, portugués, catalán,
francés, inglés, alemán, húngaro, ruso e xaponés.

E ti, queres saber máis?


Sabías que...? Luz Pozo Garza era unha namorada da obra de Rosalía de Castro e na súa entrada na Real Academia Galega adicoulle o discurso *Diálogos con Rosalía*.

MULLERES GALEGAS

propón

Luz Pozo Garza foi obxecto de multitude de homenaxes. Hai rúas co seu nome nas vilas de Ribadeo, Culleredo, A Pobra do Caramiñal e A Coruña. Fai un pouco de memoria e pensa nomes de rúas adicadas a mulleres. Non cres que son poucas as homenaxeadas?

Busca o enderezo do teu concello e escribe unha carta á alcaldía. Nela propón unha muller para nomear unha rúa ou edificio da túa vila.



Luz Pozo Garza era
unha namorada da música.
Colorea está rapaza
tocando o violín.

MULLERES GALEGAS

colorea



Sabías que...? No ano 2007 Luz Pozo Garza foi nomeada ao Premio Nobel pola Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega.

MULLERES GALEGAS

relaciona

Ponte a pensar e fai unha lista de mulleres que ti nomearías para os seguintes premios Nobel:

Física, Química, Medicina-Fisioloxía, Paz e Literatura

Hai autoras que para escribir empregan nomes literarios (nomes que non son o seu). Así, Luz Pozo Garza é o nome literario de Dolores Elvira Pozo Garza. Procura información de cada unha destas escritoras e une cada escritora co seu nome literario.

Cecilia Böhl de Faber y Ruiz de Larrea
Joanne Rowling
Agatha Mary Clarissa Miller
María del Socorro Tellado López
Lucila de María del Perpetuo Socorro
Godoy Alcayaga
Adeline Virginia Stephen

Robert Galbraith
Fernán Caballero
Gabriela Mistral
Virginia Woolf
Agatha Christie
Corín Tellado

Neste encrucillado aparecerán agochados diferentes termos relacionados coa vida de Luz Pozo Garza.

MULLERES GALEGAS

encrucillado

Horizontais:

- 1 - Lugar de falecemento de Luz Pozo Garza.
- 4 - Idioma ao que ten obras traducidas.
- 6 - Na súa obra literaria destaca como
- 8 - Foi membro da (abreviatura).
- 9 - Foi directora da revista literaria
- 11 - Segundo nome dunha obra de Luz Pozo Garza: "Códice"

Verticais:

- 1 - Instrumento que tocaba.
- 3 - Vila na que naceu.
- 8 - Foi galardoada coa Medalla
- 11- Ten unha rúa que leva seu nome no concello de

	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11
1											
2											
3											
4											
5											
6											
7											
8											
9											
10											
11											

Luz Pozo Garza foi directora de dúas revistas literarias, *Nordés e Orión*.

MULLERES GALEGAS

deseña

Deseña unha publicación literaria na que deberás:

- ✓ Ilustrar a portada da revista.
- ✓ Inventar unha entrevista con algunha escritora.
- ✓ Escribir un poema.
- ✓ Redactar un pequeno conto de viaxes.
- ✓ Escribir a túa valoración dun libro.
- ✓ Escribir os teus cinco libros favoritos.

Núm: 1



E terá un nome,
como se vai
chamar?

Comprueba
as túas
actividades.

MULLERES GALEGAS

soluciona

encrucillado

	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11
1	C	O	R	U	Ñ	A					
2			I					C			
3			B					A			C
4		X	A	P	O	N	E	S			U
5			D					T			L
6	P	O	E	T	A			E			L
7	I		O					L			E
8	A						R	A	G		R
9	N	O	R	D	E	S		O			E
10	O										D
11			C	A	L	I	X	T	I	N	O

relaciona

Cecilia Böhl de Faber → Fernán Caballero
 Joanne Rowling → Robert Galbraith
 Agatha Mary Clarissa Miller → Agatha Christie
 María del Socorro Tellado López → Corín Tellado
 Lucila de María del Perpetuo
 Socorro Alcayaga → Gabriela Mistral
 Adeline Virginia Stephen → Virginia Woolf

